

The page features a decorative graphic on the right side consisting of three overlapping blue circles of varying sizes, arranged vertically. Two thin blue lines intersect at the top left and extend diagonally across the page, one passing through the top of the largest circle and the other through the top of the middle circle.

**REGULAMENTO
DE USO
FUNCIONAMENTO
DAS INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS
DE TITULARIDADE
MUNICIPAL**

REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL
DO CONCELLO DE SANXENXO
(OU O. A. TERRA DE SANXENXO)

ÍNDICE

TÍTULO PRELIMINAR: CONSIDERACIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Fundamentos.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Artigo 3.- Definición de Instalación Deportiva.

Artigo 4.- Instalacións Deportivas Municipais.

TÍTULO PRIMEIRO: REGULACIÓN XERAL DE INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS

CAPÍTULO I. USO DAS INSTALACIÓNS

Artigo 5.- Definición de usuario/a.

Artigo 6.- Destino das Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 7.- Acceso as Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 8.- Normas xerais de reserva das Instalacións Deportivas Municipais por parte dos clubs e entidades deportivas.

Artigo 9.- Uso das Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 10.- Usos prohibidos.

Artigo 11.- Recomendacións para os/as usuarios/as das Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 12.- Peche das Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 13.- Responsabilidade polo uso das Instalacións Deportivas Municipais.

CAPITULO II. TAXAS E PREZO PÚBLICOS POLO USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 14.- Prezos Públicos.

Artigo 15.- Formas de pago.

CAPITULO III. DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS/AS

Artigo 16.- Dereitos dos/as usuarios/as das Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 17.- Obrigas dos/as usuarios/as.

Artigo 18.- Perda da condición de usuario/a.

TÍTULO SEGUNDO: REGULACIÓN ESPECÍFICA DE CADA INSTALACIÓN

CAPÍTULO I.- RÉXIME DE USO DA PISCINA MUNICIPAL

Artigo 19.- Normas xerais.

Artigo 20.- Equipo persoal.

Artigo 21.- Requisitos para o baño.

Artigo 22.- Ocupación dos vasos.

Artigo 23.- Normas de uso na zona de baño.

Artigo 24.- Normas de uso nos vestiarios.

Artigo 25.- Normas de uso nas duchas.

Artigo 26.- Normas de uso nas taquillas.

CAPÍTULO II: RÉXIME DE USO DAS PISTAS DEPORTIVAS EXTERIORES

Artigo 27.- Normas especiais de uso.

Artigo 28.- Forma de reservar as instalacións.

CAPÍTULO III. RÉXIME DE USO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS E CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS.

Artigo 29.- Normas especiais de uso das zonas deportivas.

Artigo 30.- Normas de uso dos vestiarios.

Artigo 31.- Normas de competición.

Artigo 32.- Normas de uso do material.

Artigo 33.- Normas de reserva das instalacións.

Artigo 34.- Normas de saída das instalacións.

Artigo 35.- Normas de uso nos encontros oficiais ou amigables durante a fin de semana.

Artigo 36.- Normas de uso das bancadas.

Artigo 37.- Normas de uso do ximnasio.

Artigo 38.- Obrigas dos usuarios.

Artigo 39.- Outras consideracións.

TÍTULO TERCEIRO. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 40.- Réxime Xeral de Infraccións e Sancións.

Artigo 41.- Infraccións.

Artigo 42.- Sancións.

TÍTULO CUARTO: PUBLICIDADE NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 43.- Normativa aplicable.

TÍTULO QUINTO: DISPOSICIÓNS FINAIS E ENTRADA EN VIGOR

Artigo 44.- Entrada en vigor.

TÍTULO PRELIMINAR: CONSIDERACIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Fundamentos.

Para elevar o nivel de participación no feito deportivo e a actividade física dos/as cidadáns, é necesario o uso ordenado e regulado das instalacións existentes. E neste sentido a optimización do rendemento das instalacións deportivas, debe ser o soporte fundamental do servizo público que ten que establecerse para ó desenvolvemento consecuento do deporte no Concello de Sanxenxo.

O presente Regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas titularidade do Concello de Sanxenxo, e dítase ao amparo das competencias que nesta materia atribúense aos concellos nas Bases de Réxime Local.

Para alcanzar estes obxectivos non abonda a norma. É preciso apelar ó espírito cívico que debe presidir o uso das instalacións e ós valores de tolerancia e ríspeto, imprescindibles para o desenrolo da práctica deportiva, en definitiva, para gozar da oferta pública do deporte e ocio en convivencia cós demais usuarios/as.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

O presente Regulamento será de aplicación á totalidade das instalacións deportivas municipais e a todos os/as usuarios/as definidos no artigo 5.

Artigo 3.- Definición de Instalación Deportiva.

Entendese por Instalación Deportiva, aos efectos deste regulamento, toda instalación, campo, dependencia ou espazo deportivo, de calquera característica, tanto ao aire libre coma cuberta, pechada ou aberta, dedicada á práctica do deporte e a actividade física, en toda a súa gama de modalidades, posibilidades ou finalidades incluíndo as zonas de equipamento complementarias ou funcionais como gradarías, vestiarios, almacéns, etc. no

caso que existan e que sexan necesarias para o desenrolo da actividade deportiva.

Artigo 4.- Instalacións Deportivas Municipais.

4.1 As instalacións deportivas definidas no artigo anterior, cuxa titularidade sexa o Concello de Sanxenxo, terán a consideración de Instalacións Deportivas Municipais.

4.2 Poderán ter a condición de Instalacións Deportivas Municipais aquelas cedidas, por calquera título xurídico, ao Concello de Sanxenxo para a súa xestión ou explotación. Nestas instalacións rexeranse polo establecido no presente Regulamento salvo que no instrumento de cesión se establecera un réxime propio de xestión ou explotación.

4.3 Salvo co Concello de Sanxenxo dispoña outra cousa, calquera instalación deportiva que se constrúa ou a súa xestión sexa asumida polo concello nun futuro, quedará adscrita o presente Regulamento.

TÍTULO PRIMEIRO: REGULACIÓN XERAL DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

CAPÍTULO I. USO DAS INSTALACIÓNS

Artigo 5.- Definición de usuario/a.

5.1 A efectos do presente Regulamento, entendese por usuarios/as das instalacións deportivas municipais, toda persoa/s ou entidade/s que utilicen estas instalacións, ben participando en programas deportivos programados, ben participando como concesionario de ditos espazos deportivos.

5.2 Os/as acompañantes e espectadores/as terán a consideración de usuarios/as pasivos/as, aplicándose estas normas ata onde poida chegar a súa responsabilidade durante a súa estancia na instalación correspondente.

5.3 Só os/as usuarios/as poderán facer uso das instalacións deportivas municipais e dos servizos adscritos as mesmas

Artigo 6.- Destino das instalacións deportivas.

6.1 Nos termos previstos no presente Regulamento, as instalacións deportivas municipais teñen como fin a práctica física e deportiva, xa sexa de ocio e tempo libre, ensinanza, adestramento, competición ou exhibición das modalidades para as que foron deseñadas, ou daquelas outras que poidan ter un uso compatible das mesmas, previa autorización expresa a tal efecto outorgada polo Concello de Sanxenxo.

6.2 As instalacións deportivas municipais poderán acoller actos deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así coma actividades culturais ou sociais, previa autorización municipal. Dita autorización terá carácter discrecional.

Artigo 7.- Acceso as instalacións deportivas.

7.1 As Instalacións Deportivas Municipais, independentemente da forma de xestión, son de acceso libre para todos/as os cidadáns, sen outras limitacións que as establecidas na Lei ou neste Regulamento, as propias do uso ó que están destinadas e ó pago das taxas en vigor para a actividade que se trate.

7.2 O acceso ás instalacións deportivas municipais, ben de forma individual ben de forma colectiva, supón a aceptación das normas contidas no presente Regulamento.

7.3 Para o acceso ás instalacións deportivas deberá aboarse previamente o prezo público ou taxa que, no seu caso, corresponda según a Ordenanza Fiscal reguladora das mesmas.

7.4 As diferentes taxas serán marcadas cada ano na Ordenanza Fiscal de aplicación. Estas taxas fan referencia tanto ó acceso ás Instalacións, como á ocupación privativa dun campo ou espazo deportivo, cando haxa lugar.

7.5 O Concello de Sanxenxo poderá establecer novas modalidades de acceso ás Instalacións Deportivas Municipais sen necesidade por iso de modificar o presente regulamento.

7.6 Coas excepcións, que en cada caso poidan determinarse, a cesión do uso das instalacións deportivas municipais, non inclúe o suministro e utilización de material deportivo, polo que este deberá ser aportado polos propios/as usuarios/as, e axustarse en todas as súas características as condicións regulamentarias establecidas para a modalidade deportiva da que se trate.

Artigo 8.- Normas xerais de reserva das instalacións deportivas municipais por parte dos clubs e entidades deportivas.

8.1 Os clubs, asociacións ou entidades que desexen usar de maneira regular algunha instalación deportiva para adestramentos, de luns a venres en horario de mañá ou de tarde, deberá cumprimentar a súa solicitude por escrito no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo, nos prazos establecidos para iso pola Alcaldía.

8.2 Os clubs, asociacións ou entidades que desexen utilizar as instalacións para celebrar os encontros das súas respectivas competicións oficiais, unha vez autorizados, deberán achegar a Concellería de Turismo, Deportes e Festas o calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola entidade que corresponda, e no que constarán os datos da mesma, co fin de programar os horarios e os datas dos encontros, durante os sábados e os domingos, con respecto aos dereitos dos/as demais usuarios/as.

8.3 Para a concesión de este tipo de uso, establecerase a seguinte orde de prioridades:

- a) A asociación, club ou entidade estea dado de alta no Rexistro Municipais de Asociacións Veciñais.
 - a. Estean participando en competicións federadas.
 - b. Estean participando en competicións non federadas

- i. Entre solicitudes de distintas modalidades, analizarase a situación, nivel de categoría e esixencia da modalidade deportiva que se practique.
- b) O uso prioritario das instalacións solicitadas, sempre e cando, existen acordos privados entre a administración e a entidade solicitante.
- c) Que se teña concedida a instalación solicitada para os adestramentos.
- d) Que a entidade tivera concedida a instalación solicitada en anos anteriores.
- e) Que a entidade non teña instalacións deportivas de seu.
- f) Sempre os clubs locais terán preferencia sobre os clubs non locais.

Artigo 9.- Uso das instalacións.

As instalacións deportivas municipais poderá accederse das seguintes maneiras:

- a) A través dos programas ofertados polo Concello de Sanxenxo, ou polas asociacións, federacións, clubs, entidades, etcétera, que teñan cedido o uso das instalacións.
- b) De forma libre, cando se trate de instalacións deportivas elementais, ou, nas restantes instalacións deportivas, mediante o abono do prezo público, ou, no seu caso, mediante un convenio de cesión de uso.

Artigo 10.- Usos prohibidos.

Queda estritamente prohibido:

10.1. Realizar actos que perturben, molesten ou poñan en perigo a outros/as usuarios/as.

10.2 Realizar actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenrolo de actividades dirixidas, supoñan un dano material para as instalacións ou afecten á hixiene xeral.

10.3 Introducir obxectos de cristal, sustancias inflamables, perigosas ou nocivas nas distintas instalacións.

10.4 Comer nos espazos e zonas deportivas, salvo bebidas dos deportistas, como augas e bebidas isotónicas.

10.5 Tomar fotografías ou secuencias videográficas de outros/as usuarios/as sen consentimento expreso.

10.6 Utilizar dentro dos recintos, bicicletas, patíns, monopatíns, triciclos, e en xeral calquera elemento que moleste ou obstaculice aos demais usuarios/as.

10.7 Practicar nos espazos deportivos actividades ou modalidades deportivas diferentes ás do uso concedido, salvo autorización expresa do concello.

10.8 Ceder ou alugar a terceiros os espazos deportivos reservados.

10.9 Manipular os elementos e equipamentos propios das pistas, tanto fixos como móbiles, salvo acordo ou indicación expresa dalgún responsable da instalación.

10.10 Introducir animais, excepto os cans guía, según normativa vixente.

Artigo 11.- Recomendacións para os/as usuarios/as das instalacións deportivas.

Para o uso xeral das instalacións deportivas faranse as seguintes recomendacións:

11.1 Realizar un recoñecemento médico antes do inicio de calquera actividade deportiva, sobre todo aqueles que permaneceran inactivos durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade.

11.2. Non acceder ás instalacións deportivas con obxectos de valor.

11.3 Beber abundante auga previa e posteriormente á realización de exercicio.

11.4 Extremar as medidas de seguridade e hixiene.

11.5 Durante os adestramentos ou encontros, os/as responsables dos equipos, grupos ou deportistas deberán ir provistos dun botiquín básico de primeiros auxilios.

Artigo 12.- Peche das instalacións.

12.1 O Concello de Sanxenxo reservase a potestade de pechar temporalmente as instalacións para realizar nelas labores de limpeza, obras, programacións propias, competicións, encontros, cursos ou outros eventos oportunos.

12.2 Igualmente o persoal responsable das instalacións poderán pechalas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos as persoas e/o desperfectos nas instalacións

Artigo 13.- Responsabilidade polo uso das instalacións.

13.1 Nin o Concello de Sanxenxo nin o persoal ao servizo das instalacións é responsable dos roubos, furtos e desperfectos do material, roupa e demais enseres persoais de cada usuario/a.

13.2 O Concello de Sanxenxo non será responsable dos danos, lesións e accidentes que poidan sufrir os/as usuarios/as salvo que deriven dun mal estado das instalacións.

13.3 O Concello de Sanxenxo non será responsable ante o/a usuario/a no caso de accidentes ou desperfectos derivados do incumprimento por parte de este, das presentes normas, dun comportamento negligente de outro/a usuario/a ou un mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos.

13.4 A responsabilidade polos actos cometidos polos/as menores de idade, cando poidan acceder ás instalacións deportivas municipais, corresponderá a estes de conformidade coas disposicións que regulan este tipo de responsabilidade no Código Civil e no Código Penal.

13.5 Por razón da actividade ou das circunstancias concorrentes, o Concello de Sanxenxo poderá condicionar a autorización da utilización privativa das instalacións, á adopción de medidas de control e de seguridade, así como ó depósito dunha fianza ou subscripción dunha póliza de seguro de danos e responsabilidade civil ou, sinxelamente denegala.

CAPITULO II. TAXAS E PREZO PÚBLICOS POLO USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 14.- Prezos Públicos.

14.1 O uso das Instalacións Deportivas Municipais, pode levar consigo o pago do prezo público establecido na correspondente Ordenanza Municipal.

14.2 Os prezos públicos expoñeranse, nun lugar visible, en cada Instalación Deportiva para coñecemento e información de tódolos usuarios/as.

14.3 Sobre os prezos establecidos, unicamente poderán aplicarse as exencións, reducións e bonificacións expresamente previstas en dita Ordenanza Municipal.

Artigo 15.- Formas de pago.

15.1 O pago polo uso das Instalacións Deportivas realizarase sempre con anterioridade ó uso da Instalación Deportiva Municipal, da seguinte forma:

- a) Cando se trate dun só encontro ou sesión de adestramento, o pago efectuarase mediante ingreso bancario previo e presentando o resgardo no momento de acceso a instalación.
- b) No caso dunha reserva para varios días, o pago efectuarase previamente á celebración do primeiro encontro ou sesión.
- c) Cando se trate dunha concesión para uso anual, de varios meses ou de tempada, o pago poderá fraccionarse.
- d) O Concello de Sanxenxo poderá eximir do pago de taxas os equipos preferentes de cada instalación.
- e) Os/As usuarios/as deberán ter os recibos correspondentes, e deberán conservalos durante o tempo de validez. Os recibos serán de utilización exclusiva da persoa ou entidade para a que foron emitidos, e debendo mantelo no caso de reclamación posterior.

15.2 O/A usuario/as poderá renunciar o uso da instalación ou servizo, e terá dereito a devolución do importe da taxa, ou optar por unha nova reserva, presentando o corresponde xustificante de pago, nos seguintes casos:

- a) Cando por problemas ou incidencias alleas o/a usuario/a, sexa suspendido o servizo ou actividade en máis de cinco días hábiles, excepto en datas de vacacións.
- b) Por causas de avarías nas instalacións.

- c) Por razón especiais de organización do Concello de Sanxenxo.
- d) Non se atenderá o disposto nos apartados anteriores, no caso de que as inclemencias meteorolóxicas impidan a práctica deportiva, así como por problemas derivados dos/das usuarios/as.

CAPITULO III. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS.

Artigo 16.- Dereitos dos/das usuarios/as das instalación deportivas municipais.

Os/As usuarios/as das instalacións deportivas municipais terán dereito:

- 16.1 A que se respecte a súa integridade e a súa dignidade persoal.
- 16.2 A utilizar as instalacións deportivas autorizadas no horario concertado, coas máximas garantías de hixiene e seguridade.
- 16.3 A utilizar o botiquín de primeiros auxilios da instalación.
- 16.4 Ser tratados con educación e amabilidade por todo o persoal que presta servizos.
- 16.5 Facer usos dos servizos e espazos complementarios coma vestiarios, aseos, etc.
- 16.6 Atopar as instalacións, o mobiliario, e o material deportivo en perfectas condicións de uso.
- 16.7 Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estimen convindes por escrito a través de instancia no Rexistro Xeral do concello.
- 16.8 Formular as suxestións que considere oportunas para a mellora da xestión das instalacións.

Artigo 17.- Obrigas dos/das usuarios/as.

Son obrigas dos/das usuarios/as:

- 17.1 Formular as suxestións que considere oportunas para a mellora da xestión das instalacións.

17.2 Gardar o debido ríspeto aos demais usuarios/as, persoal e público, mantendo a compostura necesaria para a debida convivencia, e efectuar a práctica deportiva coa vestimenta e o calzado axeitado.

17.3 Cumprir coa normativa específica de cada instalación.

17.4 Facer uso das papeleiras habilitadas para iso, colaborando no posible no coidado das instalacións, observando as normas de limpeza e hixiene establecidas.

17.5 Facer uso de calquera das instalacións coa axeitada indumentaria acorde ás diferentes modalidades deportivas.

17.6 Respetar os horarios de funcionamento das instalacións, e cantas normas e instrucións dicte a Concellería de Turismo, Deportes e Festas por si ou a través do persoal da instalación.

17.7 Aboar os prezos públicos das instalacións e servizos de conformidade coa oportuna Ordenanza Municipal correspondente.

17.8 Aceptar o peche temporal ou no seu defecto a modificación do horario de funcionamento de calquera instalación ou dependencia, por limpeza, reparación e desenrolo dalgunha actividade extraordinaria, así como en período estival, Nadal, semana santa e demais períodos festivos.

17.9 Respostar dos danos persoais ou materiais que puideran producirse polo propio usuario/a, o causar a outras persoas dentro da instalación. Calquera usuario que ocasione desperfectos materiais nas instalacións será directamente responsable, polo tanto farase cargo dos gastos que orixine o desperfecto ocasionado.

17.10 Deixar as instalacións en idéntico estado no que se encontraban antes do seu uso e no caso de detectar algún desperfecto no mobiliario ou algunha circunstancia anómala nas instalacións deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do encargado da instalación, co obxecto de que este poda avaliar a situación e actuar en consideración.

17.11 Conservar en todo momento o debido ríspeto ás instalacións, ao persoal e aos restantes usuarios. O incumprimento desta norma poderá dar lugar á expulsión do infractor do recinto deportivo.

Artigo 18.- Perda da condición de usuario/a.

O incumprimento do establecido no presente Regulamento e en particular das obrigas impostas aos usuarios/as leva consigo a perda de dita condición, coa conseguinte obrigación de abandonar, ou prohibición de acceder ás instalacións deportivas municipais

TÍTULO SEGUNDO: REGULACIÓN ESPECÍFICA DE CADA INSTALACIÓN

CAPÍTULO I.- RÉXIME DE USO DA PISCINA MUNICIPAL

Artigo 19.- Normas xerais.

19.1 A entrada a zona de baño e vestiarios está reservada exclusivamente aos usuarios e persoal técnico da instalación.

19.2 É imprescindible utilizar sempre a tarxeta de abonado/a para poder acceder á piscina e vestiarios, non se farán excepcións a esta norma por esquecemento ou perda.

19.3. O uso dos bonos é persoal e intransferible. Os/As usuarios/as que incumpran esta norma, deixando os seus carnés a outras persoas, serán sancionados coa anulación dos mesmos.

19.4 O/A usuario/a é responsable do estado da súa tarxeta. No caso de extravío ou deterioro, deberá aboar o prezo dunha nova tarxeta.

19.5 Os/As menores de 14 anos deberán ir acompañados sempre dun adulto que se responsabilice deles, excepto os que asistan a un curso de natación.

Artigo 20.- Equipo persoal.

20.1 Bolsa de deporte, gorro de baño, bañador, zapatillas de baño e toalla ou albornoz; para a zona de baño. Bolsa de deporte, calzado axeitado, roupa deportiva e toalla de man para a zona de ximnasio.

20.2 Non se permite o uso de elementos inchables, aletas, táboas, etc., que non sexan os proporcionados polos/as monitores/as con fins recreativos ou

didácticos. Tampouco se poderá entrar no vaso con gafas de cristal, excepto as homologadas para natación.

Artigo 21.- Requisitos para o baño.

21.1 É obrigatoria a ducha para acceder á zona de baño. Absterse no posible de levar posto locións, maquillaxes, graxas ou calquera tipo de cosméticos.

21.2 Deberán privarse do baño queres teñan feridas abertas, hemorraxias e afecciones na pel ou na vista.

21.3 Os/As usuarios/as, país/nais ou titores, subscribirán non padecer enfermidade infectocontaxiosa; de no ser así, ou de padecela, estas persoas quedarán excluídas do uso da instalación.

Artigo 22.- Ocupación dos vasos.

22.1 A división de espazos na piscina e o número máximo de usuarios/as é responsabilidade do persoal técnico. Estes poden ser modificados, avisando con antelación, co fin de mellorar a calidade das actividades e servizos.

22.2 Os/As usuarios/as ocuparán as calles, horarios e espazos que lles correspondan. Nadarán sempre polo lado dereito da súa calle e xirarán a súa esquerda.

22.3 Os/As usuarios/as de natación libre deberán elixir unha calle de acordo a súa destreza, e estarán obrigados a cambiarse de calle, si así llo indica o/a socorrista.

22.4 As prácticas de xogos, saltos, etc., e os espazos onde se desenrolen serán controladas polo persoal técnico, non permitíndose xogos, carreiras ou outros comportamentos que conleven molestias ou riscos propios ou do resto dos/das usuarios/as.

22.5 Para acceder á modalidade de natación libre é imprescindible saber nadar ao menos un largo da piscina sen deterse.

Artigo 23.- Normas de uso na zona de baño.

23.1 Utilizar a ducha antes e despois do baño.

23.2 É obrigatorio o uso de traxe de baño, gorro de baño e zapatillas de baño (chancletas).

23.3 Non se deberá ensuciar a auga con prácticas antihixiénicas.

23.4 Débense evitar xogos e prácticas perigosas. Respeitar sempre o baño dos demais usuarios.

23.5 Está prohibido o uso de calquera material non facilitado polo persoal técnico (táboas, aletas, palas, gafas de buceo, gafas correctoras de cristal, etc.) que poidan molestar a outros/as usuarios/as.

23.6 Deberán cumprir os horarios de entrada e saída do vaso.

23.7 O uso do hidromasaxe sempre será baixo a autorización e supervisión do persoal técnico, e a estancia non será superior a 15 minutos. Os/As menores de 16 anos non poderán utilizalo.

23.8 Se o/a usuario/a sospeita que padece enfermidade infectocontaxiosa, especialmente cutánea, evitará a súa propagación bañándose.

23.9 Queda prohibido entrar na zona de baño con roupa ou calzado da rúa. Para acceder á zona de baño con calzado deberanse usar os patucos que lles proporcionará o persoal de recepción de balde.

Artigo 24.- Normas de uso nos vestiarios.

24.1 Queda prohibido andar espido polas dependencias.

24.2 Os/As nenos/as maiores de 6 anos deberán cambiarse no vestiario correspondente o seu sexo.

24.3 Os/As menores de 6 anos, poderán acceder cun acompañante o vestiario corresponde o sexo do acompañante.

24.4 Permitirase acceso os vestiarios para acompañar a aqueles, que aínda superando a idade, presente algún tipo de deficiencia ou minusvalía que lles impida desenvolverse de maneira autónoma nos vestiarios.

24.5 A instalación non se responsabiliza dos enseres de valor deixados nos vestiarios.

Artigo 25.- Normas de uso nas duchas.

25.1 É obrigatorio o uso de zapatillas de baño. Con isto evítaranse a propagación de posibles enfermidades.

25.2 Non excederse no tempo de ducha axudará o aforro de auga.

Artigo 26.- Normas de uso nas taquillas.

26.1 Procurar non deixar ningunha prenda fora das taquillas.

26.2 Para o uso das taquillas será necesario introducir unha moeda de 1 euro que se devolverá ao abrila.

26.3 A instalación non se fará responsable dos obxectos roubados ou extraviados. Existe na instalación un depósito de obxectos perdidos.

26.4 Só se permite o uso das taquillas mentres o/a usuario/a permaneza na instalación. Queda prohibido calquera uso cando o/a usuario/a non este na mesma.

CAPÍTULO II: RÉXIME DE USO DE PISTAS DEPORTIVAS EXTERIORES

Artigo 27.- Normas especiais de uso.

27.1 Poderán ser utilizadas de balde sen necesidade de reserva.

27.2 Deberán usarse sempre coa indumentaria deportiva axeitada a cada práctica deportiva que se este realizando.

27.3 Con carácter xeral o número máximo de xogadores por espazo deportivo verá marcado polas normas específicas de cada modalidade deportiva.

Artigo 28.- Forma de reservar as instalacións.

28.1 Un club, asociación ou entidade debidamente rexistrada e con sede social no Concello de Sanxenxo, pode reservar unha instalación, sempre e cando o solicite por escrito no Rexistro Xeral do concello e esta solicitude sexa valorada positivamente.

CAPÍTULO III. RÉXIME DE USO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS E CAMPOS DE FUTBOL MUNICIPAIS

Artigo 29.- Normas especiais de uso da zona deportiva.

29.1 Deberá utilizarse calzado específico, limpo, é distinto do o calzado da rúa.

29.2 Non se permite mastigar goma de mascar nas zonas deportivas.

29.3 Non se poderán facer xestos antihixiénicos sobre as superficies, coma chuspir ou soarse.

29.4 Non se poderán introducir no terreo de xogo ningún tipo de comida ou bebida, salvo botellas de auga ou bebidas isotónicas.

29.5 É imprescindible o uso de roupa deportiva.

29.6 No caso do uso por parte de club ou entidades, o/a monitor/a adestrador/a mestre/a, será responsable de que os/as xogadores/as ou alumnos/as cumpran os requisitos anteriormente citados.

29.7 Non se poderá exceder nos horarios concedidos para o uso da instalación en ningún caso. Respetaranse en todos os casos os horarios dos demais usuarios.

29.8 Ao terreo de xogo só poderán acceder os deportistas e persoal técnico acreditado polos clubs ou entidades.

29.9 Queda prohibido a entrada de menores sempre que non estean acompañados dun monitor/a.

29.10 Mentres se realiza actividade deportiva non se poderá acceder a zona deportiva, excepto coa expresa autorización de aqueles que están realizando a actividade.

29.11 Con balóns e outros materiais deportivos xogarase exclusivamente nos espazos habilitados; non podendo facerse nos vestiarios, corredores, etc.

Artigo 30.- Normas de uso dos vestiarios.

30.1 Deportistas e técnicos, seguirán en todo momento as indicacións dos/das empregados/as, usando os vestiarios que lles sexan asignados

30.2 Nas competicións e demais encontros: o/a delegado/a, monitor/a e/o adestrador/a do equipo local será o responsable da recollida e achega das chaves do seu equipo, do contrario e do equipo arbitral.

30.3 Cando os equipos, grupos ou usuarios/as individuais se lles facilite un vestiario ou taquilla con chave, esta requirirá previo depósito do DNI da persoa que se faga responsable da mesma.

30.4 A perda da chave ou o seu extravío conlevará a cambio de pechadura, que deberá ser costeada polo responsable da mesma.

Artigo 31.- Normas de competición.

31.1 A instalación abrírase una hora antes do comezo do encontro.

31.2 Nos encontros de competición oficial, o tempo de quecemento e de partido será de dúas horas.

31.3 Durante ás competicións oficiais só poderán permanecer na zona deportiva, os xogadores/as, técnicos/as, delegados/as e encargados/as do material.

31.4 Durante a celebración dos encontros, as portas de comunicación do terreo de xogo co resto da instalación permanecerán pechadas. O acceso de espectadores efectuarase pola porta exterior da instalación.

Artigo 32.- Normas de uso do material.

32.1 Cando calquera usuario necesite utilizar un determinado material deportivo, deberá solicitalo ao empregado a súa entrada á instalación, durante os 15 minutos anteriores ao comezo da actividade.

32.2 Unha vez rematada a actividade, os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material utilizado; no caso de equipos ou grupos, o/a responsable do grupo será o/a encargado/a de que este se efectúe.

32.3 No caso de deterioro do material utilizado, comunicarase ao responsable da instalación, tomando este nota da persoa que le fai achega do material deteriorado e das circunstancias de tal deterioro. O responsable determinará se o deterioro é debido ao uso normal e habitual do material, ou ben ao uso

incorrecto do mesmo, en cuxo caso, deberase abonar ou repoñer por parte da persoa ou entidade responsable o importe segundo os prezos de mercado.

Artigo 33.- Normas de reserva da instalación.

33.1 Todas as reservas faranse por escrito no Rexistro Xeral do concello, cunha antelación mínima de 5 días hábiles. Salvo excepcións valoradas polos responsables do concello, as solicitudes non excederán en ningún caso das dúas horas.

33.2 Terán prioridade os clubs ou entidades deportivas do Concello de Sanxenxo, e dentro destas aquelas que fagan referencia o deporte de base.

33.3 Unha persoa ou grupo de persoas non poderá facer dúas reservas consecutivas.

Artigo 34.- Normas de saída da instalación.

34.1 Tódolos usos das instalacións rematarán as seguintes horas (salvo eventos especiais organizados polo concello):

- Luns a venres ás 23:30 horas.
- Sábados ás 21:30 horas.
- Domingos ás 14:00 horas.

34.2 Unha vez rematada a actividade, tódolos usuarios deberán abandonar a instalación nun tempo razoable, non superior aos 20 minutos.

Artigo 35.- Normas de uso nos encontros oficiais ou amigables durante a fin de semana.

35.1 A hora de entrada os vestiarios ou no seu caso a instalación será de un hora antes do comezo do encontro.

35.2 Os domingos e festivos non existe a posibilidade de disputar encontros pola tarde, salvo eventos especiais organizados ou autorizados con carácter excepcional polo concello.

Artigo 36.- Normas de uso das bancadas.

36.1 As bancadas son as zonas reservada aos espectadores.

36.2 Nelas non está permitido: fumar, comer froitos secos con cáscas ou outros alimentos que orixinen desperdicios. Correr ou xogar, así como saltar polas bancadas e accións que poidan molestar a outros/as usuarios/as. Arrojar obxectos dende a bancada ás zonas de xogo ou viceversa. Entrar ou tomar aposento neles con obxectos ríxidos que poidan deteriorar a instalación ou causar dano a outras persoas ou enseres.

Artigo 37.- Normas de uso do Gimnasio.

37.1 Poderán ser usados por aqueles clubs ou entidades que o desexen é previamente fixeran solicitude por escrito expresa para estes espazos.

37.2 Os/As usuarios/as deberán estar en todo momento acompañados por un monitor/a do club ou entidade, que se fará responsable dos deportistas e da instalación.

37.3 Non se permite o uso individual destas instalacións.

Artigo 38.- Obrigas dos usuarios.

38.1 Os/As monitores/as, adestradores/as e persoal técnico deberán coñecer, informar e facer cumprir as normas xerais e particulares de uso dos distintos espazos deportivos, ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.

38.2 A instalación só poderá ser utilizada durante o tempo e o espazo autorizado e deberá ser destinado para o uso exclusivo para o cal foi autorizado.

Artigo 39.- Outras consideracións.

39.1 Os/As empregados/as das instalacións terán a facultade de suspender o inicio de encontros ou actividades dirixidas cando se produzan incidencias que así o requiran.

39.2 Os accesos as distintas estancias deportivas existentes quedan totalmente prohibidas sen a correspondente autorización.

39.3 Non se poderá consumir nun vender calquera tipo de bebida alcohólica en todo o recinto.

TÍTULO TERCEIRO. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 40.- Réxime Xeral de Infraccións e Sancións.

40.1 Os/As responsables das instalacións, servizos e actividades, terán a facultade de apercibir, e incluso de expulsar das instalacións de forma cautelar, ata a resolución do informe de incidencia, a aquelas persoas que non observen a conduta debida.

40.2 As infraccións das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas neste Regulamento, poderán ser obxecto de procedemento sancionador.

Artigo 41.- Infraccións.

41.1 Terán consideración de INFRACCIÓN LEVE:

- a) O incumprimento dalgunhas das obrigas establecidas neste Regulamento por parte dos/as usuarios/as cando a súa consecuencia non dé lugar á calificación de grave ou moi grave.
- b) O trato incorrecto a calquera usuario/a, persoal técnico ou demais persoal que realice funcións na instalación.
- c) Causar danos por comportamento negligente ou imprudente na instalación, no material ou no equipamento das mesmas por un importe inferior os 100 euros.
- d) Desatender as indicacións das persoas responsables das actividades e servizos ditadas no ámbito das súas funcións.

41.2 Terán consideración de INFRACCIÓN GRAVE:

- a) Alterar a convivencia nos distintos espazos ou actividades da instalación.
- b) Alterar o funcionamento da instalación.
- c) Incumprir reiteradamente algunhas das obrigas dos/as usuarios/as.

- d) Maltratar de palabra ou obra a outros/as usuarios/as ou o persoal da instalación.
- e) Causar graves danos de forma voluntaria a instalación, material ou equipamento da mesma.
- f) Causar danos por comportamento negligente ou imprudente a instalación, material ou equipamento da mesma por un importe comprendido entre 100 e 300 euros, inclusive.
- g) Orixinar por imprudencia o negligencia accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.
- h) Falsear intencionadamente os datos relativos a identidade, idade ou calquera dato relevante o a suplantación de identidade.
- i) A acumulación de dúas ou mais faltas leves nun período de 3 anos.
- j) Manipular ou falsificar documentos identificativos, entradas ou bonos.
- k) Non comunicar os desperfectos causados por un mesmo.

41.3 Terán a consideración de INFRACCIO MOI GRAVE

- a) Impedir o uso da instalación ou servizo prestado no mesmo a outra/s persoa/s con dereito o uso.
- b) Impedir ou obstruír o normal funcionamento da instalación.
- c) Causar deterioros ou danos na instalación ou en calquera dos seus equipamentos, infraestruturas ou elementos por un importe superior a 300 euros.
- d) Agredir fisicamente a persoas que están facendo uso da instalación así como o persoal que traballa nas mesmas.
- e) Acumular dúas ou mais faltas graves.

Artigo 42.- Sancións.

42.1 Os incumprimentos leves serán castigados con apercibimento por escrito ou a perda temporal da condición de usuario/a por un período de 1 a 30 días.

42.2 Os incumprimentos graves serán castigados cunha multa de hasta 500 euros ou coa perda da condición de usuario/a por un período comprendido entre 31 días e 5 años se a gravidade do mesmo así o fixera necesario.

42.3 As infraccións moi graves serán sancionadas cunha multa de entre 500,01 y 3000 euros ou a privación definitiva de uso de todas as instalacións deportivas municipais

42.4 Para a graduación da sanción a aplicar terase en conta as seguintes circunstancias:

- A reiteración de infraccións ou incidencias.
- A existencia de intencionalidade por parte do infractor.
- A trascendencia social dos feitos.
- A gravidade e natureza dos danos ocasionados.

42.5 A imposición de sancións será compatible coa esixencia ao infractor/a da reposición da situación alterada por el mesmo ao seu estado orixinario así como coa indemnización dos danos e prexuízos causados.

42.6 Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el para o seu pago no prazo que se estableza.

42.7 Serán responsables directos das infraccións os seus autores materiais, excepto nos supostos en que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de inimputabilidade, en cuxo caso responderán civilmente por eles aqueles que teñan a custodia legal.

42.8 Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.

42.9 Serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recae o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros puideran cometer.

42.10 No caso de infraccións cometidas por menores, a persoa responsable do centro intentará contactar coa súa familia, o no seu caso, con seus titores legais, a fin de promover respostas preventivas e de promoción dos recursos

familiares propios. Asimesmo poderanse poñer os feitos en coñecemento da Fiscalía de menores.

42.11 No caso de menores de idade poderase substituír a sanción que puidera impoñerse pola realización de traballos ou labores para a comunidade, de natureza e alcance adecuados e proporcionados á gravidade da infracción.

TÍTULO CUARTO: PUBLICIDADE NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 43.- Normativa aplicable. A publicidade nas Instalacións Deportivas Municipais, mediante a exposición de calquera elemento permanente ou puntual, móbil ou estático, levarase a cabo de acordo coa normativa xeral de publicidade e a específica sobre menores, alcohol, tabaco e sustancias estupefacientes.

43.1. As instalacións deportivas municipais poderán dispoñer de espazos ou zonas destinadas a publicidade, que o Concello de Sanxenxo determinará e asignará libremente.

43.2 A cesión ou uso das instalacións deportivas municipais non implica o aproveitamento publicitario das mesmas.

43.3 A publicidade que figure nas instalacións deportivas municipais aterase as disposicións vixentes sobre a materia e requirirá, preceptivamente, conformidade municipal.

43.4 Os/As titulares da cesión do uso das instalacións deportivas municipais, para a celebración de eventos deportivos e non deportivos, poderán beneficiarse por autorización ou concesión municipal do aproveitamento publicitario das zonas habilitadas ao efecto.

43.5 Non obstante, só poderán negociar a publicidade para o tempo de duración dos seus respectivos actos públicos e nos lugares que previamente se lles asignase, correndo da súa conta todas as operacións e custes que se deriven do aproveitamento.

43.6 Nas instalacións deportivas municipais, como criterio xeral, a publicidade xestionada polas persoas ou entidades usuarias figurará principalmente sobre o chan, fora do terreo de xogo, ben horizontalmente ou sobre soportes verticais móbiles, e coas características que determinen os servizos municipais correspondentes.

43.7 Non se permitirá publicidade sobre o terreo de xogo, coa excepción da publicidade que promova o Concello de Sanxenxo e, ocasionalmente, da concretada para eventos especiais.

43.8 Os/As usuarios/as das instalacións deportivas municipais non poderán colocar publicidade nos lugares interiores, nin nos lugares de tránsito das mesmas, salvo excepcionalmente, con autorización expresa.

43.9 A autorización quedará condicionada, no seu caso, ó pago dos tributos establecidos pola utilización de espazos publicitarios nas Instalacións Deportivas Municipais.

TÍTULO QUINTO: DISPOSICIÓN FINAIS E ENTRADA EN VIGOR

DISPOSICIÓN FINAIS.

PRIMEIRA.- A promulgación futura de normas con rango superior ó do presente Regulamento que afecten a materias reguladas no mesmo, determinará a aplicación automática daquelas con independencia da posterior adaptación do regulamento no que fora necesario.

SEGUNDA.- A aplicación e interpretación do presente Regulamento corresponde o O. A. Terra de Sanxenxo dentro do exercicio das súas competencias, sen prexuízo das facultades revisoras da xurisdición contencioso administrativa.

Artigo 44.- Entrada en vigor.

De acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor



Trvsa. Miraflores, 3 Tel: 986 727 936
36960 Sanxenxo Fax: 986 727 910
Pontevedra

unha vez que se publique o texto integra da mesma no boletín oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.